

A análise dos tres exemplares deberá estar iniciada antes da data de caducidade.

A porción da mostra que se tome para a súa análise deberá ser representativa do conxunto da súa respectiva unidade.

9.1.2 Criterios microbiolóxicos. As normas microbiolóxicas serán as sinaladas no Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

9.2 Contaminantes. As tolerancias en residuos de praguicidas e outros contaminantes en tódolos ingredientes e nos produtos rematados non deberán superalos límites contidos na lexislación vixente.

10. Envasado. Os diversos tipos de iogures presentaranse ó consumidor debidamente envasados en recipientes pechados.

10.1 Materiais de envases. Vidro, cartón parafinado, porcelanas, material macromolecular ou calquera outro material autorizado para este fin polo Ministerio de Saúde e Consumo.

10.2 Contido mínimo dos envases. Os envases terán un contido neto mínimo de 125 gramos.

11. Etiquetaxe e presentación. A etiquetaxe dos produtos recollidos nesta norma debe cumpri-lo disposto no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios e no Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos, coas seguintes particularidades:

11.1 Os iogures denominaranse de acordo cos diferentes tipos definidos no punto 5 desta norma e co seu contido en materia graxa do leite, do seguinte xeito:

11.1.1 Os iogures naturais, mediante a expresión: iogur natural, seguida, se é o caso, da indicación «semidesnatado» ou «desnatado».

11.1.2 Os iogures azucrados, mediante a expresión: iogur azucrado, seguida, se é o caso, da indicación «semidesnatado» ou «desnatado».

11.1.3 Os iogures edulcorados, mediante a expresión: iogur edulcorado, seguida, se é o caso, da indicación «semidesnatado» ou «desnatado».

11.1.4 Os iogures con froitas, zumes e outros produtos naturais, mediante a expresión: iogur con..., a seguir indicárase o nome específico das froitas, zumes ou produtos incorporados ou o xenérico de «froitas» ou «zume de froitas», seguido, se é o caso, da indicación «semidesnatado» ou «desnatado».

11.1.5 Os iogures aromatizados, mediante a expresión: iogur sabor a..., a seguir indicárase o nome da froita ou produto ó que corresponda o axente aromático utilizado, seguido, se é o caso, da indicación «semidesnatado» ou «desnatado».

11.1.6 Os iogures pasteurizados despois da fermentación, mediante a expresión: iogur pasteurizado despois da fermentación..., seguido da denominación que corresponda, de acordo co establecido nos puntos 11.1.2 a 11.1.5, e se é o caso, da indicación «semidesnatado» ou «desnatado».

11.2 A data de duración mínima expresárase de acordo co indicado no punto 8.3, mediante a lenda «Data de caducidade», seguida do día, mes e, eventualmente, o ano, nesta orde ou ben dunha indicación clara do lugar da etiquetaxe onde figura.

Este requisito non será esixible ós iogures pasteurizados despois da fermentación, nos que se indicará a data de consumo preferente.

12. Prohibicións. Queda prohibido o emprego da palabra iogur na denominación de calquera produto, citándoa mesmo como ingrediente, se non cumpre os requisitos desta norma. Tales requisitos deberán cumprirse, en tales casos, no momento da súa adquisición polo consumidor final.

13. Responsabilidades. Para estes efectos, haberá que averse ó disposto no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria e no Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**3398** *REAL DECRETO 1424/2002, do 27 de decembro, polo que se regula a comunicación do contido dos contratos de traballo e das súas copias básicas ós servizos públicos de emprego, e o uso de medios telemáticos en relación con aquela.* («BOE» 43, do 19-2-2003.)

A Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, veu modificar, nos seus artigos 32 e 33, as obrigas en materia de comunicación dos contratos de traballo establecidas no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e na Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, respectivamente.

Así, modificáronse os artigos 8.3. a) e 16.1 do Estatuto dos traballadores para suprimi-la obriga de rexistrar nas oficinas públicas de emprego a copia asinada dos contratos de traballo e as súas prórrogas, substituíndoo por comunicacións que fagan fe do contido dos contratos de traballo.

No mesmo sentido adecuouse a Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal, modificando o artigo 10.1, para substituí-la obriga de rexistro dos contratos de traballo na oficina pública de emprego por comunicacións do seu contido.

As devanditas modificacións abordáronse por mor da necesidade de modernizalos servizos públicos de emprego e achegalos ó cidadán.

Estes procesos de simplificación administrativa foron recomendados, por outra banda, no ámbito comunitario desde a propia Comisión Europea e o Estado español comprometeuse no Plan Nacional de Acción para o Emprego do Reino de España a pór en marcha sistemas alternativos para o rexistro dos contratos de traballo que supuxesen verdadeiros avances na eliminación de trámites burocráticos, simplificando as relacións da Administración cos cidadáns.

Por outro lado, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa exposición de motivos, propugna a tecnificación e a modernización da actuación administrativa, así como a adaptación permanente ó ritmo das innovacións tecnolóxicas. Concretamente, o artigo 45 do devandito corpo legal incorpora o impulso que as administracións públicas lle deberán

c

dar ó emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias. Por último, recentemente o artigo 68 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, veu establecer modificacións nos artigos 38 e 59 da citada Lei 30/1992 engadindo, ademais, unha nova disposición adicional décimo oitava, para impulsa-la Administración electrónica.

Co fin de dar cumprimento á previsión de desenvolvemento regulamentario do artigo 16.1 da Lei do Estatuto dos traballadores, na súa redacción dada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, dentro do referido marco previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e do disposto no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, e co fin de cumprilas recomendacións da Comisión Europea, faise necesaria a aprobación dun real decreto que ofrezca unha regulación unitaria e completa sobre a obriga da comunicación da contratación, así como sobre o uso dos medios telemáticos en relación coa comunicación do contido dos contratos de traballo e das copias básicas daqueles no ámbito dos servicios públicos de emprego.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

## DISPÕÑO :

### CAPÍTULO I

#### **Comunicacións do contido dos contratos de traballo e das copias básicas**

*Artigo 1. Suxeitos obrigados, prazo e alcance da obriga.*

1. Os empresarios están obrigados a comunicarlles ós servicios públicos de emprego, no prazo dos dez días hábiles seguintes á súa concertación, o contido dos contratos de traballo que celebren ou as súas prórrogas, deban ou non formalizarse por escrito.

2. Os empresarios deberanlles enviar ou remitir ós servicios públicos de emprego a copia básica dos contratos de traballo, previamente entregada á representación legal dos traballadores, se a houber.

*Artigo 2. Procedementos para realiza-la comunicación do contido dos contratos de traballo ou as súas prórrogas e o envío ou remisión das copias básicas.*

A comunicación do contido dos contratos de traballo ou das súas prórrogas e o envío ou remisión das copias básicas ás que se refire o artigo anterior poderanse efectuar, ben a través do procedemento que se regula no capítulo II da presente norma, ou ben mediante a presentación nos servicios públicos de emprego de copia dos contratos de traballo ou das súas prórrogas ou mediante a comunicación dos datos ós que se fai referencia na disposición derradeira segunda deste real decreto e das propias copias básicas.

*Artigo 3. Contido das comunicacións.*

1. As comunicacións do contido dos contratos de traballo ou das súas prórrogas ás que se alude no artigo

anterior conterán os datos que defina como obrigatorios o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

2. Tales datos referiranse á identificación do traballador, da empresa, ós requisitos específicos de cada modalidade contractual, das transformacións ou conversións dos contratos de traballo temporais en indefinidos, dos chamamentos dos traballadores fixos descontinuos e dos pactos de horas complementarias nos contratos a tempo parcial indefinido, así como ós datos das certificacións expedidas pola Administración pública ou entidade encargada de xestiona-la formación de traballadores substituídos durante os devanditos períodos por traballadores desempregados beneficiarios de prestacións por desemprego e ós das comunicacións que legal ou regulamentariamente se establezan segundo o disposto na súa respectiva normativa reguladora.

*Artigo 4. Obrigas dos servicios públicos de emprego.*

1. Os servicios públicos de emprego están obrigados a incorporar á base de datos do Servicio Público de Emprego Estatal, compartida cos devanditos servicios públicos, tódolos datos definidos como obrigatorios polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais respecto das comunicacións ás que se fai referencia no punto 1 do artigo 1 e no artigo 3 deste real decreto.

2. Os servicios públicos de emprego incorporarán ás súas bases de datos a información procedente das copias básicas dos contratos de traballo, enviadas ou remitidas polos empresarios ou por quen legalmente os represente, cando estes utilicen a modalidade de transmisión prevista no capítulo II do presente real decreto.

3. Para os efectos do disposto na presente norma, o servicio público de emprego estatal creará os oportunos rexistros telemáticos para a recepción ou saída de comunicacións, con suxeición ós requisitos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na súa normativa de desenvolvemento, en particular ós requisitos e garantías establecidos no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, no relativo a criterios de seguridade, normalización e conservación ós que este se refire.

4. Os servicios públicos de emprego están obrigados a facilita-la información a que se refire o artigo seguinte por solicitude dos traballadores ou dos seus representantes legais.

*Artigo 5. Dereitos de información dos traballadores e dos seus representantes legais.*

1. Os traballadores poderán en calquera momento solicitar dos servicios públicos de emprego información do contido das comunicacións ás que se refiren os artigos 1 e 3 nas que aqueles sexan parte.

2. A información relativa ós datos dos contratos de traballo provenientes das súas copias básicas, á que se fai referencia no punto 2 do artigo anterior, estará á disposición dos representantes legais dos traballadores, a través dos órganos de participación institucional destes nos correspondentes servicios públicos de emprego.

### CAPÍTULO II

#### **Uso de medios telemáticos en relación coa comunicación do contido dos contratos de traballo e das copias básicas**

*Artigo 6. Uso de medios telemáticos.*

As actuacións relativas ás comunicacións dos contratos de traballo e das copias básicas daqueles, ás que

se refire o artigo 1 deste real decreto, poderanse realizar a través de medios telemáticos na forma que regulamentariamente determine o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, no marco do previsto polo Real decreto 263/1996 e nos citados criterios de seguridade, normalización e conservación ós que este se refire.

#### Artigo 7. *Autorizacións.*

A utilización dos medios telemáticos a que fai referencia o artigo anterior deberá ser autorizada polos servizos públicos de emprego dentro do marco normativo establecido polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, segundo o disposto no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro. Esta autorización poderase solicitar en calquera servizo público de emprego, terá validez en todo o territorio estatal e permitiralles ós empresarios ou persoas ou entidades que legalmente os representen efectuar as comunicacións a que fan referencia os artigos 1 e 3 deste real decreto.

#### Artigo 8. *Transmisión de datos por medios telemáticos e efectos da transmisión.*

1. A transmisión dos datos que se efectúe utilizando os medios telemáticos desenvolvidos en previsión do establecido nos artigos anteriores polos que fosen autorizados para iso suporá o cumprimento por parte do empresario responsable da obriga de comunicación da contratación, así como da obriga de enviar ou remitir a copia básica do contrato ós servizos públicos de emprego.

2. O carácter telemático da transmisión non obstará á plena validez e eficacia dos actos administrativos realizados polos servizos públicos de emprego que deriven daquela transmisión.

#### Artigo 9. *Información.*

Se ós autorizados polos servizos públicos de emprego lles fose necesario obter información escrita en soporte papel, relativa ás actuacións realizadas e aceptadas a través destes medios, para producir efectos ante terceiros, poderán utilizar os métodos de impresión que estableza o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e son facultados para certificar con selo e sinatura a impresión da información recibida desde o correspondente servizo público de emprego.

#### Disposición adicional única. *Servizos públicos de emprego.*

As referencias efectuadas neste real decreto ós servizos públicos de emprego entenderanse realizadas ó Instituto Nacional de Emprego e ós correspondentes servizos públicos de emprego das comunidades autónomas que asumiran o traspaso da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación. As referencias ó servizo público de emprego estatal entenderanse realizadas ó Instituto Nacional de Emprego.

#### Disposición derradeira primeira. *Aprobación de procedementos telemáticos.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobará, logo da consulta coas comunidades autónomas que asumisen o traspaso da xestión realizada polo Instituto

Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, os programas, aplicacións, deseños e estruturas de datos e impresión que vaian ser utilizados nas comunicacións da contratación por vía telemática e difundirá publicamente as súas características.

#### Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais a dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto no presente real decreto e, en particular, a defini-los datos que obrigatoriamente deberán comunicarse ós servizos públicos de emprego.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós trinta días seguintes ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

## MINISTERIO DO INTERIOR

**3500** *ORDE INT/316/2003, do 13 de febreiro, sobre inspeccións técnicas en estrada de vehículos industriais. («BOE» 44, do 20-2-2003.)*

O Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, polo que se regulan as inspeccións técnicas en estrada dos vehículos industriais que circulan en territorio español, entre as modalidades das ditas inspeccións técnicas, prevé unha inspección visual do estado de mantemento do vehículo, controis de documentación acreditativa de precedentes inspeccións técnicas e unha inspección técnica para detectar deficiencias de mantemento, modalidades todas que se integran naturalmente nas tarefas de vixilancia do tráfico e que é preciso regular.

Por outra parte, os artigos 6.2 e 8 centralizan no organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico a recollida de datos das mencionadas inspeccións técnicas para os efectos de lle comunicar á Comisión Europea a información correspondente.

Así mesmo, o citado artigo 8 establece a obriga, no caso de vehículos matriculados noutro Estado membro da Unión Europea, de lles comunicar ás autoridades competentes do dito Estado as deficiencias observadas na inspección cando dean lugar a unha prohibición de circulación.

En virtude de canto se establece na disposición derradeira segunda do mencionado Real decreto 957/2002, dispoño:

Primeiro.—As inspeccións técnicas en estrada de vehículos industriais, nas modalidades previstas no artigo 4.a) e b) do Real decreto 957/2002, do 13 de setembro, serán efectuadas polos axentes encargados do servizo de vixilancia de tráfico en vías interurbanas. As inspeccións técnicas previstas no artigo 4.1.c) serán realizadas